

## FESTA DO VIÑO DA ULLA EN VEDRA

# Unhas xornadas para promover a cultura viticultora

As Xornadas Técnicas sobre a cultura do Viño desenvólvense estes días con conferencias, visitas e catas



Distintos momentos das xornadas técnicas de este ano. // ECG

## REDACCIÓN [VEDRA]

A Exaltación do Viño da Ulla leva da man unhas Xornadas Técnicas dedicadas á cultura do viño, que o Concello organiza estes días na localidade. Un programa variado que inclúe conferencias a cargo de expertos na materia, catas de viños e visitas a varias adegas.

O proxecto xorde baixo a idea de crear “espazos adicados á formación dos viticultores da zona”, co fin, comentan dende a organización, de mellorar e estimular as producións de calidade, así como de divulgar novos coñecementos entre os consumidores, “mergullándoas” na cultura do villo. Os obxectivos, alén de poñer en valor a cultura do viño como produto de calidade e promocionar os viños da subzona, son os de fomentar, tamén, o desenvolvemento científico e técnico do territorio.

As actividades promovidas no marco destas xornadas técnicas comezaron o mérco-



res, coa conferencia *Viticultura e cambio climático*, a cargo de Diego García Santiago, responsable do Departamento de Viticultura da adega Paço&Lola.

Os actos continuaron xoves, cunha saída ao campo onde os asistentes puideron visitar a estación experimental de viticultura e enoloxía de Ribadumia (EVEGA). Os asistentes tamén

visitaron a adega Granbazan.

Onte, os presentes puideron gozar con Harmonía: viños e tapas, unha cata comentada co sumiller Nacho Costoya Eyo e

con Julio Mato del Río, chef do programa da TVG *A voltas co prato*. A xornada concluíu cun acto de clausura e entrega de diplomas acreditativos desta edición da iniciativa.

Colleita de Ouro  
Añada 2016  
Concurso de Añadas  
D.O. Rías Baixas 2018

[www.casadosol.es](http://www.casadosol.es)

TRADICIÓN  
BODEGUERA



ALBARIÑO  
**CASA DO SOL**  
RÍAS BAIXAS  
DENOMINACIÓN DE ORIGE  
PRODUCT OF SPAIN

Medalla de Ouro  
Guía de Vinos Gallegos  
Bacchus de Plata 2019

T. 981 511 634 • [comercial@casadosol.es](mailto:comercial@casadosol.es)



Cooperativa Leiteira  
Pico Sacro, S.C.G.

Lestedo - Tel. Fax: 981 503 275 • 15881 Boqueixón (A Coruña)



**PERNAS**  
MULTICENTRO

Supermercado • Produtos da terra  
Bazar galego

© 981 809 002 • PONTEVEA • TEO

café bar  
casa pernas

PECHAMOS OS MARTES

Rúa Ignacio Varela, 25 • Pontevea - TEO • ☎ 616 806 614

VIÑOS, RACIONES,  
DELICATESSEN.  
COMIDAS POR ENCARGA.  
CATERING DE ENTRANTES

*Haíndo todo  
na de Pernas!*

[info@danielpernas.com](mailto:info@danielpernas.com) • [www.danielpernas.com](http://www.danielpernas.com)

## FESTA DO VIÑO DA ULLA EN VEDRA

Música, catas, concursos, roteiros en moto e coches antigos e moito máis na celebración que pon en valor o viño da Ribeira do Ulla, que comeza mañá en Vedra

# A Festa do Viño da Ulla, un escaparate con moito para ver

REDACCIÓN  
Vedra

A Festa do Viño da Ulla, un "escapate" importante para poñer en valor un produto como o viño na Ribeira do Ulla, comeza mañá unha nova edición cun programa de actividades no que non faltan propostas para todos os intereses e idades.

A festa ten os obxectivos de promocionar os viños da Subzona Ribeira do Ulla, mostrar e degustar os Viños D.O. Rías Baixas da Ribeira do Ulla, organizar un concurso-cata para poñer en valor os mellores viños da tempada, mellorar a calidade e a comercialización dos viños desta nova subzona e ofrecer un programa complementario de actividades para dinamizar o evento. Unha festa que non só pon en valor o viño como recurso gastronómico, senón que tamén trata de aportar o seu gran de area ao desenvolvemento territorial.

Nesta edición, participan as ade-

gas Pazo Arretén, Gómez e Rial, Marecaste, Castro de Balar, Chouzal, Mar de Envero, Lixeles, Barallobre, Adegas Val'des, Casa do Sol, María Manuela e Castro Brey.

A programación da comezo mañá, sábado, ás 12.00 horas no Pa-

zo Vista Alegre, onde terá lugar a VI Cata-Concurso dos viños Rías Baixas Albariño de Ribeira do Ulla, aberta ao público. Ás 16.00 horas terá lugar un roteiro de coches antigos polos viñedos da Ribeira do Ulla, e, a continuación, ás 18.00 ho-

ras, no Campo da Feira de San Miguel de Sarnadón, procederase á apertura da mostra dos viños. Os presentes poderán gozar en Harmonía coa cata de viños e tapas. Ás 18.30 horas haberá un encontro cos autores da novela *Calles de ida*

e a charanga TNT ofrecerá unha actuación.

Ás 19.00 horas comezará as actuacións de baile de Armadanzas de Laraño, Grupo de Danza Urbano Lil-Kids (gañadores do programa de TV Got Talent 2023) e grupo de baile Os Campiños da A.C. San Campio. Ás 22.00 horas dará inicio a verbena coa disco móbil Chocolate e a orquestra París de Noia. A animación seguirá o domingo dende ben cedo. Ás 10.00 horas terá lugar un roteiro motorístico polos viñedos da Ribeira do Ulla, e, ás 12.00 horas, no Campo da Feira de San Miguel de Sarnadón, procederase á apertura da mostra dos viños e á apertura dos concellos da subzona. Ás 12.30 horas haberá un concerto da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Ás 13.15 horas procederase á lectura do pregón, a cargo do presentador Fran Cañotas, e ao nomeamento dos novos membros da Orde dos amigos do Viño da Ulla, seguido da entrega de premios da Cata-Concurso. A partir das 14.00 horas poderase gozar coa música do grupo Faiscas da Pontraga e ás 15.00 horas coa agrupación folclórica O Fiadeiro.

Pola tarde, máis música. Ás 17.00 horas comezará Vino Son, que contará coas actuacións de Festicultores Troupe, Rebeldía e Familia Caamagno. Haberá pulpeiro e atraccións infantís.



Presentación da Festa do Viño da Ulla.



supermercado carnicería ferretería bazar agasallos mercería calzado enoloxía  
fitosanitarios fertilizantes mat. construción estanco bar a taberna do ferrador

San Miguel de Sarandón - 15885 VEDRA (A Coruña) - Tifno. 981 50 23 43  
garciasarandonslu@gmail.com - www.centrocomercialgarcীগarcía.com



VDA. DE PARADA  
Y  
J. ALVELA, S.L.

Centro de Selección y Comercialización  
de Productos Hortícolas Gallegos

Tifs.: 981 503 021 - 674 977 548  
La Iglesia, 4 - Merín  
15885 VEDRA (A Coruña)

Fax: 981 503 030  
info@viparal.es  
www.viparal.es

**XEOS DA ULLA**

S. Miguel de Sarandón, 12  
Vedra-Galiza  
Tel. 981 503 092  
M. 618 326 156  
www.xeosdaulla.com

**Juan Guerra PULPERÍA**

• BAR • ULTRAMARINOS • PULPERÍA

- Romerías - Banquetes
- Primeiras Comunións
- Bautizos
- Viños do Ulla e Barrantes

COMIDAS A DOMICILIO

Temos uñas de San Lázaro

8 981 503 054 M. 639 818 025  
Vedra (A Coruña)  
www.pulperiajuanguerra.com

**XLII FESTADO DO VIÑO DA ULLA**  
13E14 ABRIL 2024

**SÁBADO 13 DE ABRIL**

- 12:00 h. Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla)
- 16:00 h. VI CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA. Aberta ao público
- 18:00 h. RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA
- 18:00 h. Campo da Feira de San Miguel de Sarandón
- 18:00-24:00 h. Apertura da MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA
- 18:00-24:00 h. Apertura da MOSTRA DOS CONCELLOS DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA
- 18:30-21:00 h. HARMONÍA: VIÑO-TAPAS
- 19:00 h. Armadanzas de Laraño (Santiago)
- 19:00 h. Grupo de danza urbana Lil-Kids (Nerde)
- 22:00 h. Gañadores do programa de TV "GOT TALENT 2023"
- 22:00 h. Grupo de Baile Os Campiños da A.C. San Campio (Vedra)
- 22:00 h. Vino Son

**DOMINGO 14 DE ABRIL**

- 10:00 h. CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA
- 13:15 h. Saída do Alcalde do Concello de Vedra
- 14:00 h. PREGÓN a cargo de Fran Cañotas, presentador do programa da TVG "A voltas co prsto"
- 14:00 h. Nomeamento dos novos membros da "Orde dos Amigos do Viño da Ulla"
- 15:00 h. Entrega de premios da VI Cata concurso dos viños Rías Baixas-Albariño da Ribeira do Ulla
- 15:00 h. FAISCAS DA PONTRAGA
- 17:00 h. Agrupación Folclórica O FIADEIRO de VIGO
- 17:00 h. Vino Son
- 17:00 h. FESTICULTORES TROUPE REBELDIA FAMILIA CAAMAGNO

PULPEIROS • ATRACCIÓNS INFANTÍS • AMPLOS APARCADOIROS

www.festadoviñodaulla.com